

**DON LEOPOLDO MOURE GARCÍA, SECRETARIO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.**

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 02 de agosto de 2021, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“

3.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS CONCELLO DE FERROL 2021-2023 MEDIANTE O RECOÑECIMENTO DA CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIÓNS NAS LÍÑAS CORRESPONDENTES Á ÁREA DE CULTURA, PROMOCIÓN DE DEPORTE E EDUCACIÓN. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2021026608). Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Deportes, que textualmente di: “A xefatura de servizo da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Turismo emitiu informe en data 30-07-2021 que textualmente indica:

**“ASUNTO: Modificación do plan estratéxico de subvencións concello de ferrol 2021-2023 mediante o recoñecemento da concesión directa de subvencións nas liñas correspondentes á Área de Cultura, Promoción de deporte e Educación.**

ANTECEDENTES.

I.- Atendendo a oportunidades xurdidas nos sectores deportivos e culturais, o concelleiro delegado ordenou a tramitación de subvencións directas nos termos do art. 22.2.c da lei xeral de subvencións, Lei 38/2003.

II.- O Plan estratéxico de subvencións do Concello de Ferrol para o periodo 2021-2023 non recolle de forma expresa dito réxime de outorgamento en relación ás liñas estratéxicas 3 (Cultura, leces e actividades festivas), liña estratéxica 4 (Promoción do deporte) e liña estratéxica 5 (Educación).

CUESTIÓNS OBXECTO DE ANÁLISE.

I.- Procedencia da incorporación de dito sistema de outorgamento.

O Plan estratéxico citado, nos seus principios xerais, cuestión incluída dentro do título denominado Aspectos estratéxicos do plan, recoñece a posible concesión directa das subvencións de forma expresa. De igual forma, no apartado Beneficiarios e procedimento de concesión, establécese, tamén de forma expresa, como un dos tipos de procedimento para a concesión de subvencións as “*subvencións concedidas de forma directa por razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública*”.

Polo tanto existe un recoñecemento expreso dentro do Plan estratéxico ao réxime de subvencións directas derivado do art. 22.2.c da Lei 38/2003.

Nembargantes, dentro das liñas antes referidas, non se fai mención a dita modalidade de outorgamento, polo que, para garantir a máxima transparencia parece oportuno incluír dito sistema de outorgamento nas liñas antes citadas, coa fin de atender á vontade antes referida por parte da concellería delegada.

II.- Cuestións de procedimento.

O Plan estratéxico reconece no seu epígrafe 4 (“competencia para a súa aprobación”) as modificacións puntuais do plan, indicando que o órgano competente para a súa aprobación será a Xunta de Goberno local, correspondendo a súa aprobación ao responsable da Área afectada. Por último, indica que as modificacións serán publicadas no Portal de transparencia da web municipal, Boletín oficial da provincia e no Sistema nacional de publicidade de subvencións e axudas públicas....”

En base a ditas consideracións, o citado informe propón á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

Modificar o Plan estratéxico de subvencións do Concello de Ferrol periodo 2021-2023 no relativo ao seu anexo e con efectos para as liñas estratéxicas 3 Cultura, lecer e actividades festivas (LS 3.1.; LS 3.2. e LS 3.3.), 4 Promoción de deporte (LS 4.1. e LS 4.2.) e 5 Educación (L.S. 5.2. e L.S. 5.3.), incorporando ás mesmas a posibilidade do outorgamento da subvención de forma directa, nos termos do art. 22.2.c da Lei 38/2003, de xeito que a súa redacción resultante é a seguinte:

### **Liña estratéxica 3: Cultura, lecer e actividades festivas.**

LS 3.1. Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Ferrol para a organización de actividades culturais.

.....

Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención indentificadas no plan.	Subvencións nominativas. Aprobado o orzamento municipal e as subvencións nominativas correspondentes elaborárase un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa xustificárase a subvención na forma prevista.  Así mesmo poderá outorgarse de forma directa nos termos e alcance do art. 22.2.c da Lei 38/2003, ás cales seranlles de aplicación os contidos que preveña o Plan estratéxico para as subvencións correspondentes á presente liña, sen prexuício das súas peculiaridades propias.
--	--

.....

LS 3.2. Subvencións dirixidas á entidades sen ánimo de lucro do Concello de Ferrol para a promoción e fomento da cultura.

.....

Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención indentificadas no plan.	Réxime de concorrencia. Procédese á aprobación das bases da convocatoria polo Pleno e á súa convocatoria polo Alcalde. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentárase segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.  Así mesmo poderá outorgarse de forma directa nos termos
--	--

	e alcance do art. 22.2.c da Lei 38/2003, ás cales seranlles de aplicación os contidos que preveña o Plan estratéxico para as subvencións correspondentes á presente liña, sen prexuício das súas peculiaridades propias.
--	--

.....

LS 3.3. Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Ferrol para organización de festexos populares.

.....

Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención indentificadas no plan.	Subvencións nominativas. Aprobado o orzamento municipal e as subvencións nominativas correspondentes elaborárase un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa xustificárase a subvención na forma prevista.  Así mesmo poderá outorgarse de forma directa nos termos e alcance do art. 22.2.c da Lei 38/2003, ás cales seranlles de aplicación os contidos que preveña o Plan estratéxico para as subvencións correspondentes á presente liña, sen prexuício das súas peculiaridades propias.
--	--

.....

**Liña estratéxica 4: Promoción do deporte.**

LS 4.1. Subvencións dirixidas ás entidades deportivas do Concello de Ferrol para a participación en competicións, actividades deportivas ou realización de eventos deportivos.

.....

Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención indentificadas no plan.	Subvencións nominativas. Aprobado o orzamento municipal e as subvencións nominativas correspondentes elaborárase un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa xustificárase a subvención na forma prevista.  Así mesmo poderá outorgarse de forma directa nos termos e alcance do art. 22.2.c da Lei 38/2003, ás cales seranlles de aplicación os contidos que preveña o Plan estratéxico para as subvencións correspondentes á presente liña, sen prexuício das súas peculiaridades propias.
--	--

.....

LS 4.2. Subvencións dirixidas ás entidades deportivas do Concello de Ferrol.

<p>Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención indentificadas no plan.</p>	<p>Réxime de concorrencia. Procédese á aprobación das bases da convocatoria polo Pleno e á súa convocatoria polo Alcalde. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.</p> <p>Así mesmo poderá outorgarse de forma directa nos termos e alcance do art. 22.2.c da Lei 38/2003, ás cales seranlles de aplicación os contidos que prevexa o Plan estratéxico para as subvencións correspondentes á presente liña, sen prexuício das súas peculiaridades propias.</p>
---	--

.....

**Liña estratéxica 5: Educación.**

LS 5.2. Axudas a entidades educativas e doutra tipoloxía para a realización de accións educativas.

.....

<p>Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención indentificadas no plan.</p>	<p>Subvencións nominativas. Aprobado o orzamento municipal e as subvencións nominativas correspondentes elaborárase un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa xustificárase a subvención na forma prevista.</p> <p>Así mesmo poderá outorgarse de forma directa nos termos e alcance do art. 22.2.c da Lei 38/2003, ás cales seranlles de aplicación os contidos que prevexa o Plan estratéxico para as subvencións correspondentes á presente liña, sen prexuício das súas peculiaridades propias.</p>
---	---

.....

LS 5.3. Axudas a entidades educativas e persoal investigador: persoas ou grupos.

.....

<p>Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención indentificadas no plan.</p>	<p>Subvencións por concorrencia competitiva. Convocatoria anual pública aberta, de nivel planetario, con criterios de valoración establecidos e publicados, de ampla tirada informativa e de difusión. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.</p>
---	---

	Así mesmo poderá outorgarse de forma directa nos termos e alcance do art. 22.2.c da Lei 38/2003, ás cales seranlles de aplicación os contidos que prevexa o Plan estratéxico para as subvencións correspondentes á presente liña, sen prexuício das súas peculiaridades propias.
--	--

.....

En todo caso, a dito sistema de outorgamento, seralle de aplicación o resto de contidos das liñas para a que se incorpora.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita. ”

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Ilmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Ferrol, 2 de agosto de 2021

Vº e Pr

ALCALDE ACCIDENTAL